

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E A CONFEDERACIÓN GALLEGA DE ORGANIZACIONES DE MAYORES-COGAMA PARA FINANCIAR A REALIZACIÓN DO PROGRAMA "VIVE ACTIVO" PARA O EXERCICIO 2023.

No lugar e data da sinatura dixital,

REUNIDOS

Dunha parte:

Dona Fabiola García Martínez, na súa condición de conselleira de Política Social e Xuventude, nomeada polo Decreto 60/2022, do 15 de maio, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 79/2023, do 22 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e no Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude e o establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte:

Don José Piñeiro Bernárdez, con DNI 36072302E, en calidade de presidente, que actúa en nome e representación da Confederación Gallega de Organizaciones de Mayores - COGAMA (en adiante COGAMA), con NIF G36902385, con domicilio e Pi y Margall 64, 36202 vigo, nomeado en virtude do acordo da Asemblea Xeral do 24 de agosto de 2021, como recolle o artigo 21 dos seus estatutos, como así consta no rexistro de asociacións.

Ámbalas dúas parte, no nome e representación na que concorren, recoñécense con capacidade legal suficiente para suscribir o presente convenio.

EXPOÑEN

Primeiro.- Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Segundo.- Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial



outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Terceiro.- Que a Consellería de Política Social e Xuventude é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de asistencia social, conforme ao Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a súa estrutura orgánica, e a través da Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria ten entre as súas funcións e competencias as relativas á atención das persoas maiores, e no marco desas competencias están comprendidas as funcións dirixidas ao fomento de programas e actividades de promoción da autonomía persoal, de promoción do envellecemento activo así como o fomento das relacións interxeracionais.

Neste eido, correspóndelle a planificación xeral dos servizos sociais coordinando a súa actuación coas entidades prestadoras de servizos sociais coa finalidade de atender de forma ordenada e global as necesidades, render os recursos dispoñibles e garantir a calidade na prestación de servizos.

Cuarto.- Que COGAMA entidade de natureza asociativa, figura inscrita no Rexistro de asociacións co número 21/2002, tendo por finalidade entre outras e de acordo cos seus estatutos, agrupar ás asociacións lexitimamente establecidas relacionadas directa ou indirectamente con grupos de persoas maiores, pensionistas, xubilados, próximos á xubilación e da terceira idade, así como levar a cabo proxectos de investigación, formación, información, culturización e documentación nas áreas de materias relacionadas coas ciencias, técnicas e profesións que afectan aos maiores.

Así mesmo, figura recoñecida e inscrita como entidade de iniciativa social no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-1544.

Quinto.- Que ambas partes son conscientes do papel activo que deben desenvolver as persoas maiores na sociedade, tendo ademais en conta que son un colectivo cada vez máis numeroso e con maior formación e información, polo que é preciso desenvolver actuacións que promovan o envellecemento activo adaptados aos novos perfís e situacións sociais das persoas maiores en Galicia e que fomenten a súa integración e participación na sociedade, a través de medidas de apoio orientadas ao desenvolvemento de programas realizados por entidades asociativas de iniciativa social que traballen na atención das persoas maiores, en tanto que desenvolven unha



importante labor complementaria á financiada a través dos recursos da Administración pública.

COGAMA leva a cabo un programa, no que as actividades van dirixidas á realización de encontros que sirvan de estimulación á convivencia e ao mesmo tempo á busca de novas asociacións de maiores en Galicia, co obxectivo de mellorar á súa calidade de vida persoal e social, tratando de promover un envellecemento activo.

Esta colaboración vese acentuada no caso da atención ás persoas maiores, debido á escaseza de recursos específicos de carácter público destinados á atención deste colectivo. Así mesmo, estas medidas de apoio teñen especial incidencia no caso da confederación que as representa, en actuacións de carácter horizontal das que se benefician todas as asociacións federadas.

Conforme ao exposto, é do interese da Consellería de Política Social e Xuventude subscribir un convenio de colaboración coa entidade COGAMA para o financiamento dos gastos derivados da execución dun programa "Vive Activo" destinado ás persoas maiores no exercicio 2023.

Sexto.- Que conforme aos requisitos previstos no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no 36 c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, terá carácter de subvención de concesión directa por mor do seu carácter singular. COGAMA, como entidade de iniciativa social, agrupa ás asociacións lexitimamente establecidas relacionadas directa ou indirectamente con grupo de persoas maiores, pensionistas, xubilados, próximos á xubilación e da terceira idade e que desenvolve actividades socio-comunitarias e de animación á lectura en este colectivo de asociacións.

A particularidade do programa obxecto deste convenio ven determinada pola realización de encontros de carácter social entre as persoas maiores beneficiarias co fin de estimular a convivencia e relacións entre eles, con especial atención nas que residen no ámbito rural.

COGAMA pretende facer unha integración sociocomunitaria de cara ao fortalecemento do asociacionismo galego, coa reunión anual celebrada en Santiago de Compostela cos representantes das asociacións de Galicia que traballan no ámbito das persoas maiores.



En atención ao obxecto e ao ámbito da actividade, o programa "Vive Activo" fomenta e crea proxectos a nivel rexional de información (sobre as noticias diarias de interese), de formación (a nivel dixital sobre todo no manexo das aplicacións dos móbiles), cultural (prácticas de lectura), etc. O programa Vive Activo presenta o carácter de excepcionalidade, interese social e especificidade para a concesión directa da subvención, o que dificulta a súa convocatoria pública.

Tendo en conta, por unha banda, a especificade das características do programa "Vive Activo" que se vai financiar por razón do colectivo ao que vai dirixido, e por outra, a ausencia no ámbito territorial de aplicación de entidades alternativas que dispoñan da infraestrutura material e medios humanos esixibles, a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Xuventude previsto no Decreto 124/2022, do 23 de xuño, na área específica da Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria, e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social. Polo exposto, queda xustificada a concesión directa desta subvención, en aplicación do artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que permite establecer convenios a través dos cales se canalizan estas subvencións.

Polo exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para o financiamento das actividades do programa "Vive Activo" que realizará COGAMA durante o ano 2023, con suxeición as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e COGAMA para o financiamento do programa "Vive Activo" destinado ás persoas maiores, que desenvolverá actividades socio-comunitarias de convivencia, actividades artísticas e culturais e actividades deportivas dirixidas ás ditas persoas maiores que desenvolve COGAMA durante o ano 2023 e do fomento do asociacionismo de maiores.



SEGUNDA.- Actuacións subvencionables

As actuacións que comprende o programa de COGAMA no exercicio 2023 son:

1. Actividades socio-comunitarias de convivencia e fomento do asociacionismo de maiores en Galicia coa captación de novos socios. Trátase da realización de encontros en distintas zonas e comarcas que sirvan para estimular a convivencia e ao mesmo tempo, impulsar a busca de novos socios nos núcleos de poboación de persoas maiores, explorando a incorporación de novas xeracións de xubilados. A busca destes novos socios centrarase principalmente, de novas asociacións de maiores no rural galego. Os obxectivos que se pretenden con estas actividades son:

- a) Fomentar as relacións interpersoais e a inclusión social mediante a integración de novas asociacións na Confederación.
- b) Promover o fortalecemento do propio tecido asociativo da Confederación e fomentar o asociacionismo de maiores en Galicia, especialmente nas zonas rurais, co encontro anual en Santiago de Compostela.

2. Actividades artísticas e culturais que comprenden: canto, música, pintura, poesía e escultura, como un medio para aumentar as habilidades cognitivas, as destrezas motoras e a convivencia . Os obxectivos que se pretenden con esta actividade que se realiza en Santiago de Compostela e en outros puntos de Galicia cos maiores das catro provincias galegas son:

- a) Promover o envellecemento activo.
- b) Favorecer a práctica de actividades artísticas e culturais.
- c) Combater o illamento social e a soidade non desexada
- d) Contribuír ao enriquecemento artístico e cultural do colectivo de maiores co encontro en Santiago de Compostela cos maiores das catro provincias galegas.

3. Actividades deportivas. Realizaranse competicións deportivas de salón como xogos de mesa (xadrez, billar, damas, dominó), bailes, ioga, neuro-gin, teatro nos distintos locais dispoñibles. Os obxectivos que se pretenden alcanzar son:

- a) Fomento das relacións interpersoais entre as persoas maiores.
- b) Mellora da capacidade cognitiva.



c) Mellora do sedentarismo.

d) Mellora da autoestima e da saúde física e mental dos maiores de Galicia no encontro que se celebra en Santiago de Compostela.

TERCEIRA.- Obrigas e documentación inicial

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria presentará, con carácter previo á sinatura do convenio e xunto co programa de actividades a desenvolver, a seguinte documentación:

a) Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para o mesmo programa, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.

b) Declaración responsable, subscrita polo representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

CUARTA.- Orzamento

A previsión do orzamento de gastos para o desenvolvemento das actuacións que no marco do programa a subvencionar a través deste convenio ten previsto desenvolver COGAMA ascende a 25.000,00€.

A Consellería de Política Social e Xuventude para a execución destas actividades achegará a COGAMA para o ano 2023 a cantidade de **vinte e cinco mil euros (25.000,00€)** con cargo á aplicación orzamentaria 13.05.312E.481.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023 e dispón de crédito axeitado e suficiente para dar cobertura económica aos compromisos contraídos.

QUINTA.- Obrigas da entidade beneficiaria

1. COGAMA deberá cumprir todos os requisitos necesarios para obter a condición de entidade beneficiaria previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de



subvencións de Galicia, e deberá cumprir as seguintes obrigas, previstas no artigo 11 da mencionada lei:

- a) Realizar o programa ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención e acreditar a súa realización, así como o cumprimento dos requisitos ou das condicións que determinaron a concesión da axuda. O cumprimento desta obriga de xustificación realizarase nos termos previstos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na normativa regulamentaria de desenvolvemento e no disposto neste convenio.
- b) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a Consellería de Política Social e Xuventude a través da Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- c) Comunicar a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- d) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos no marco deste convenio coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
- e) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- f) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actuacións do programa obxecto da concesión da subvención a través do convenio e nos lugares onde estas se realicen: "Subvencionado pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Xuventude", co seu respectivo logotipo.
- g) No deseño e desenvolvemento do programa e das súas actividades obxecto da concesión da subvención a través do presente convenio incorporárase de xeito



transversal o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e terase en conta a perspectiva de xénero no seu deseño e execución.

i) Cumprir cantas outras obrigas se deriven da execución deste convenio.

2. Asemade a entidade deberá cumprir a obriga de subministro de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

SEXTA.- *Compatibilidade con outras subvencións*

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Segundo o previsto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, supere o custo total da actividade.

SÉTIMA.- *Gastos subvencionables e xustificación*

O importe da subvención destinarase a cubrir gastos correntes derivados da execución do programa "Vive Activo", destinados ás persoas maiores, no exercicio 2023, de acordo co establecido na memoria económica.

Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación que remata o **10 de decembro de 2023**.

Así mesmo, considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados pola persoa beneficiaria. No suposto de que o xustificante do pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas. No suposto de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao programa subvencionado, a xustificación do pagamento débese realizar sempre mediante a achega do correspondente extracto bancario que irá acompañado dun dos seguintes documentos: relación emitida polo banco dos pagamentos realizados, orde de



pagamentos da entidade selada polo banco ou recibín da persoa provedora. Para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000 euros poderase aceptar a xustificación do pagamento mediante recibín da persoa provedora.

Para os efectos de xustificación, COGAMA remitirá á Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria da Consellería de Política Social e Xuventude, xunto coa última xustificación do emprego da cantidade restante ata a totalidade do programa e en todo caso coa data límite referida do **10 de decembro de 2023**:

- a) Un informe-memoria detallado de cada unha das accións levadas a cabo e/ou as actividades realizadas ao abeiro do programa a subvencionar a través deste convenio.
- b) Unha certificación expedida e asinada polo órgano competente da entidade, dos gastos realizados que incluíra a relación das facturas e xustificantes dos gastos realizados, con identificación das persoas acreedoras cos seus NIFS, o número e data da factura, o concepto, o importe e a data de pagamento desta xunto coa achega dos xustificantes-facturas destes gastos e a acreditación do pagamento efectivo dos mesmos, segundo o previsto no artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- c) Certificación expedida polo representante da asociación relativa a que as achegas da Consellería de Política Social e Xuventude foron destinadas aos fins para os que foron concedidas.

A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará a perda do dereito ao cobro da subvención e/ou ao reintegro das cantidades en concepto de subvención percibidas ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos de nóminas ou que comporten ingresos á conta do Imposto sobre a renda das persoas físicas ou cotas por seguros sociais correspondentes ao exercicio 2023, liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considérase xustificado coa presentación do documento de gasto, factura ou documento equivalente, no que se reflecta o importe da retención ou cotización devengadas na data de xustificación, quedando a entidade beneficiaria obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación con data límite a primeira quincena de febreiro de 2024.





OITAVA.- Forma de pagamento da subvención

Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular a entidade beneficiaria nas seguintes condicións:

- a) Efectuarase un pagamento do 60% da totalidade da subvención, con carácter de anticipo a conta da liquidación, unha vez asinado o presente convenio.
- b) O 40% restante farase efectivo unha vez rematadas e xustificadas todas as actividades do programa a subvencionar a través deste convenio.

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte da entidade beneficiaria, o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como non ser debedora por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento, no seu caso.

NOVENA.- Subcontratación

COGAMA é a beneficiaria directa da subvención obxecto deste convenio, asumindo a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. Non obstante, autorízase a subcontratación da execución de actividades, ata o 60% do importe total das actuacións financiadas a través deste convenio, para a debida execución do programa obxecto de subvención, de acordo co recollido na memoria económica.

COGAMA, no seu caso, comunicará a subcontratación á Dirección Xeral de Miores e Atención Sociosanitaria da Consellería de Política Social e Xuventude. A estes efectos será de aplicación o establecido no artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.



DÉCIMA.- *Inexistencia de relación laboral*

COGAMA queda facultada para designar o persoal necesario para realizar as actividades do programa a subvencionar relacionadas na cláusula segunda deste convenio.

A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral nin contractual ningunha entre a Consellería de Política Social e Xuventude e as persoas que realicen as actividades obxecto do programa a subvencionar a través do dito convenio, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

COGAMA asume a responsabilidade respecto do persoal encargado de impartir a formación ou levar a cabo as actividades establecidas no programa, así como aquelas derivadas das relacións contractuais.

DÉCIMO PRIMEIRA.- *Incumprimentos, reintegros e sancións*

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento das actuacións, obxecto do programa, subvencionables a través do convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas, dos deberes contidos no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os intereses de demora correspondentes.

O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o apartado anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Consellería de Política Social e Xuventude poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumplida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do obxecto subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superara o 65% da actividade obxecto da subvención, entenderase que dito incumprimento é total, e deberán



reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus intereses de demora.

Á entidade beneficiaria da subvención regulada nestas bases seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Título VI do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

DÉCIMO SEGUNDA.- *Vixencia e efectos*

O presente convenio estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2023.

Non obstante, os gastos das accións englobadas no programa que realizase a COGAMA dende o 1 de xaneiro de 2023 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social e Xuventude.

DÉCIMO TERCEIRA.- *Obrigas de publicidade*

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

DÉCIMO CUARTA. *Información básica de protección de datos persoais*

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do



Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Xuventude coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos> derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Como destinatarios os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento



outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

DDÉCIMO QUINTA. *Comisión de seguimento*

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes asinantes do convenio. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dous representantes da Consellería de Política Social e Xuventude e dous representantes de COGAMA, designados por cada unha das persoas representantes das partes así como os seus suplentes. A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Consellería de Política Social e Xuventude, designada pola persoa titular da dirección xeral competente en materia de maiores e atención sociosanitaria.

A persoa que ocupe a secretaría, así como a súa suplencia, será unha persoa adscrita á dirección xeral competente en materia de maiores e atención sociosanitaria, designada pola persoa que asuma a Presidencia, que actuará con voz pero sen voto.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO SEXTA. *Réxime xurídico*

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro; no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e na Lei 40/2015, do 1 de outubro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerase polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014.



As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Xuventude poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.

Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se a resolución fose expresa no prazo dun mes.

Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñer directamente recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso.

Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, o asinan ambos os dous comparecentes no lugar e na data da sinatura dixital.

A conselleira de Política Social e
Xuventude

O presidente da Confederación Gallega
de Organizaciones de Mayores-COGAMA

Fabiola García Martínez

José Piñeiro Bernárdez

